

## Tema 2- Apontamentos

### Comunicación Comunitaria : concepto. características. modelos

O concepto "comunidade" ou "comunitario" é redundante cando o asociamos ao de "comunicación". Todos eles teñen a mesma matriz, "común", que significa aquilo no que se participa xuntos. A "comunidade" retén o seu poder nos símbolos e aspiracións. O concepto suxire a realización de relacións, no sentido de familiaridade, do que é a lealdade contínua e a contribución ao grupo.

Brint fai unha proposta moderna dos distintos tipos de comunidade e clasifica: a) a comunidade local (xeográfica); b) as comunas e colectivos (grupos humanos); c) as redes de amizade locais; d) as redes de amizade non locais; e) as comunidades elixibles de actividades; f) as comunidades elixibles de crenzas; g) as comunidades imaxinadas e h) as comunidades virtuais.

Esta clasificación liga a pertenza das persoas a un núcleo onde se observan crenzas ou actividades comúns, cando se participa nas súas relacións, sexan estas de afecto, lealdade, de valorización ou por interese.

Comunicacións na/da comunidade.

Segundo Sorokin, as distincións entre as relacións comunais e as asociacións de iguais intereses xa foran expresadas por Confucio, emerxendo logo na socioloxía clásica en Ferdinand Tönnies, no seu ensaio "Gemeinschaft und Gesellschaft" (Comunidade e Asociación) no 1887. Para Tönnies, "comunidade" é unha alternativa de diferenciarse no escenario do práctico e nos resultados da forma social. A segunda aproximación recollémola a partires do ensaio "Suicide" (1897) de Émile Durkheim. Niste ensaio expóñense variables precisas do concepto de "comunidade", máis a visión inamovible das variables resoltas por Durkheim derivou en xeralizacións as que se lles restou crédito por entenderse pouco científicas. Este problema xerou non poucas consecuencias na relación entre a socioloxía e o concepto de "comunidade".

Tönnies rachou co vello debate do binomio cidade-vila (campo) e cal era o mellor estilo de vida. Dicia que estes estilos de vida deberianse abordar desde o contexto espacial familiar e tentar identificar aí o dominante e as súas cualidades en calquera distas dúas formas. Non obstante, Tönnies non se separou dunha certa

aproximación sentimental. A súa construción tipolóxica non identifica os elementos decisivos da comunidade, aínda que si logrou desenvolver a comparación entre as relacións comunais e as asociativas. A comunidade asóciase así á vida en común, ás crenzas comúns, ás ligames grupais e as súas frecuentes interaccións, nun cativo número de persoas coñecidas entre si, a distancia dos centros de poder, na familiaridade, na continuidade e nos lazos emocionais. Por contra a asociación relaciónase cos distintos xeitos de vivir, coas distintas crenzas, coas diversas ligames e pouco frecuentes interaccións, con grande número de persoas pouco coñecidas entre si, coa proximidade aos centros de poder, con regras que facilitan a confianza, cos arranxos temporais e a competición. Sen embargo, esta aproximación é problemática por si mesma: os estilos de vida non implican necesariamente crenzas comúns; un grupo pequeno de persoas non implica un único estilo de vida; unha relación continúa non implica lazos emocionais.

As relacións caracterizadas como "naturais" non conducen a unha explicación do que Tönnies entende como "comunidade". As relacións naturais da comuna ou do colectivo, por exemplo, conducen a pensar nun maior control e en que as relacións naturais dunha "comunidade imaxinada" posúen unha presenza física, o que non é certo (Kanter): normalmente o obxecto das relacións soe ser un símbolo abstracto (Anderson).

A aproximación de Émile Durkheim é a máis importante alternativa á tipoloxía de Tönnies. O sociólogo francés postula que a importancia das relacións da comunidade está na construción do ser humano, ao traveso do apoio social e os sentimentos morais. Durkheim sinala que a comunidade non é unha estrutura social ou unha entidade física, e que as características da interacción humana non se asentán só nos lazos tradicionais das pequenas vilas, nin só na sofisticación da cidade moderna. Durkheim centra o seu obxecto de estudo nos perigos do egoísmo (en "Suicide") e nas definicións comúns do sagrado ("Les formes élémentaires de la vie religieuse. Le système totémique en Australie"-1912-), non na comunidade. Non obstante, é da comunidade e das relacións comunais de onde tira o seu concepto de influencia sobre o comportamento e o coñecemento.

Das seis propiedades enunciadas por Durkheim, catro son propiedades estruturais e dous culturais: 1) fortes e esixentes ligames (conformidade coa moral social-problemas de sentido estrutural entre o grupo e as grandes organizacións-); 2) acordo

social para acceder ás institucións (a participación asóciase co desenvolvemento das técnicas cívicas e a unha relación eficaz coas autoridades-consecuentemente hai unha separación no tipo de persoas, xa que aquelas que non responden á autoridade son marxinados ou tomados por delincuentes-); 3) espazos vitais rituais (fundamento da identidade grupal e dos símbolos dista, como a división do tempo ou o calendario festivo) e 4) un tamaño grupal pequeno (para unha comunicación efectiva, para a familiaridade, para maior oportunidade, para unha racionalización económica e de produtividade dependendo da apropiación tecnolóxica do grupo) As variables culturais responden a: 5) percepción de similaridade en canto a características físicas, forma expresiva, tipo de vida, experiencia histórica,...(bases da identificación social que se transmiten en sentimentos de seguridade e confort, que se advirten desde o espazo lingüístico e as expresións non verbais, no lecer e na elección de consumo, na elección do voto e na actitude política) e 6) crenzas comúns sobre a idea de sistema, orden moral, institucións ou grupos (interacción do interese común que, nun momento dado, pode restar independencia á interacción, factor de forza nas metas políticas e nas organizacionais)

A comparativa entre estruturas características das comunidades, os retratos de vilas, aldeas e barrios, as estratificacións sociais e os estudos relacionados coa etnografía e a política foron os focos principais da investigación sobre a comunidade. A comunidade reimaxinada polos sociólogos, sen embargo, é un fenómeno transitorio, sustentado no diálogo e na interacción ritual de pequenos grupos (Goffman, Collins) Outra liña asegura que a comunidade é unha estrutura estable diluída nas estruturas sociais das grandes organizacións, que inclúe climas emocionais (Granovetter, Marsden, Burt) Para Coleman ou Putnam a comunidade como concepto non focaliza sobre o motivo das relacións sociais, senon sobre a existencia e a estrutura das relacións.

Os cambios de orientación respecto do concepto de comunidade débense á diversidade das comunidades modernas (sobre todo á súa diversificación nos ciclos históricos de incertidume, mudanza de valores e crise social) e á penetración do pensamento único respecto do concepto de cambio social, entroutros moitos motivos. Sen embargo, comunidades e relacións comunais siguen existindo en barrios e aldeas, en grupos de siareiros deportivos, en clubs de canto ou de lectores, en xogos de grupo dos nenos, en grupos de

xénero ou de opción sexual, nos clientes habituais dun bar, nos intercambios entre membros de diversos grupos da rede internet, nos membros activos das igrexas, nos fans de programas de televisión ou nos movementos filosóficos ou de política alternativa, por exemplo. A tendencia actual de focalizar sobre rituais da interacción moi precisos asociados á estrutura social das organizacións distorsiona e difumina a realidade distas estruturas da vida comunitaria que aínda existen. O importante hoxe é saber se o concepto de comunidade xera modelos de relacións sociais ou modelos de comportamento social.

Comunidade e comunicación.

A comunicación comunitaria visibilízase en diferentes planos que caracterizan e determinan a súa estrutura: a) o plano espacial; b) o relacional e c) o discursivo.

Así en a) os elementos ou conceptos básicos que definen a comunicación comunitaria son a territorialización e a escala técnica. En b) a participación, o acceso, o interese e a proximidade. En c) a alternatividade, a apropiación e o recoñecemento.

A territorialización describe os límites xeográfico administrativos cos que se atribue á comunicación. O local, o barrial, o rural, o urbano, inclusive o rexional definen a comunicación comunitaria en relación ao espazo físico no que se pode desenvolver. No mesmo sentido a escala técnica ou "cobertura" define o tipo de amplificación ao traveso dun medio: a distribución, a difusión, o satelital, a dixitalización, a rede,,... fala do mecanismo ou dispositivo que propaga e das correspondentes cualidades técnicas de recepción que condicionan á comunicación mediatizada.

A participación remítenos á unha condición activa das relacións en comunidade. A aportación dos seus membros é necesaria para que a comunicación sexa tal e plena, ao tempo. Estimular a participación, fai que pasemos do plano relacional ao discursivo e consideremos á participación como elemento fulcral na contrastación de fontes e na programación dos contidos.

O concepto de acceso refírese ao control e xerarquización para o disfrute dos recursos de comunicación. O acceso dos membros da comunidade á comunicación comunitaria pode ser democrático e flexible en canto a comunidade quere divulgar e, sen embargo, pode haber espazos de seguridade reservados ás xerarquías da

comunidade, en tanto que estratexias vinculadas ó poder que outorga, neste caso, a comunicación. Neste sentido, acceso significa, dunha parte, as relacións de fraternidade e cuestións en común sobre as que hai interacción e comunicación e, doutra, o coñecemento das regras e dos poderes para establecer acordos ou solventar necesidades. Acceder pode ter que ver tamén coa alfabetización na mediación (media literacy) e até coas formas de xestión dos contidos e dos medios.

O concepto de interese ten que ver coa identificación en clave social de determinados intereses propios da comunidade en tanto que hai necesidade de preservalos e melloralos. O concepto de "comunidade de interese" alude, neste sentido, á reunión estratéxica de individuos determinados pola súa condición social, ocupación, profesión, a súa adscripción rural, urbana,...para mellorar as súas condicións de vida. Neste sentido, a comunicación devén no medio para asentar os propios intereses da comunidade.

O concepto de proximidade non só é propio da comunicación comunitaria. A estratexia proximataria responde a unha transversalidade operada desde o mercado e, por tanto, a mellora de beneficios e defensa dos territorios da audiencia propios. Doutra parte, a proximidade é unha cualidade da mensaxe informativa, ademais de (como apuntaba Sévigné) relación de afectividade con espazos e lembranzas que se reproducen a partires da distancia e do tempo. Hoxe, a proximidade sinala as deficiencias do equilibrio entre localismo e cosmopolitismo en tanto que representacións da comunidade no medio. Non obstante, e respecto da participación da comunidade no medio comunitario, a proximidade define un proceso orientado ao coñecemento da propia comunidade.

Entender a comunicación comunitaria como alternativa ao sistema de medios é unha consecuencia histórica plasmada no ideario do discurso comunitarista en confronto co sistema dos medios de masas. O comunitarismo, sobre todo o Latinoamericano, fundamenta que a comunicación é un ben común social e, xa que logo, tamén comunitario e liberador, ao mesmo tempo que defensa do que se considera propio. Os medios alternativos, nisa medida, pódense conceptualizar como "comunitarios", aínda que asociativos ou propios de comunidades de interese.

O concepto de apropiación dos medios é un discurso político do comunitarismo en tanto que as comunidades comprenden da

necesidade dos medios de comunicación para preservar e mellorar as súas condicións de vida.

O de recoñecemento é un obxectivo do relato comunitarista polo que o medio é un recurso que ten que ter o recoñecemento da comunidade, convertirse nun "lugar" público desde onde crear e expresar a cotidaneidade e requerir mellores condicións de vida. Contraponse, en principio, á institucionalización dos medios como poder na sociedade.

Se nos adentramos na medioloxía, aceptando que a comunicación na comunidade e da comunidade (entre os seus membros e na propagación dos seus imaxinarios, da súa memoria e das súas expectativas) é condición sine qua non da súa subsistencia e permanencia, as principais liñas de estudo desta relación conceptual céntranse nos dispositivos de amplificación, en coñecer o uso que fan as persoas dos medios e que factores son do seu interese, que valor lle outorgan estas persoas aos medios de comunicación e como os medios se constituen en recursos da comunidade.

Advírtese a loita entre o localismo e o cosmopolitismo respecto dos intereses que a persoa deposita nos medios, por tanto no confronto entre valores de identidade e pertenza e, doutra parte, valores que apelan á lexítima diferenza de costumes e ao interese polo universal, por outras culturas e asuntos aos da comunidade á que debemos "lealtade".

Nos estudos sobre estes conflitos téñense moi en conta as evidencias referentes á clase social e á educación social das persoas respecto de como valoran os medios de comunicación.

Outras liñas de traballo sulían que na relación entre medios e comunidade, os medios integran ás persoas no seu espazo xeográfico e reafirman os valores comunitarios. Confirman que os medios deben coñecer a estrutura comunitaria, o seu contexto, facer posible ese equilibrio entre localismo e cosmopolitismo, integrarse na interacción da comunidade e imprimir acción no proceso de socialización.

Morris Janowitz, en 1952, investigou o rol dos xornais locais nas grandes urbes. Constatou que nas metrópolis hai comunidades locais que usan medios locais, así como a xente usa servizos e institucións locais para resolver as súas necesidades. Para Janowitz, o xornal local é un mecanismo social que integra ao

individuo na estrutura de rede social da metrópole. É por iso, segundo iste sociólogo, que os xornais locais deben poñer énfase nos valores comunitarios, así como os grandes medios deben tamén integrar ("editorializar?") estes valores, e non só por razóns puramente económicas. Outros autores como Donahue, Olien e Tichenor incidiron no uso que fai a xente dos medios locais e a influencia que teñen os valores contextuais, mentres Lehman insiste no equilibrio localismo/ cosmopolitismo no valor que lle outorga a xente ó medio. Moito antes (1949), Merton preguntábase ante o concepto de "persoa social" cal era o interese dos medios en responder localmente ou dun xeito cosmopolita ás expectativas da súa audiencia e segundo o seu estrado cultural. Keith Stamm, pola súa parte, enfocou o seu traballo en averiguar como se fai institución da comunidade no uso dos medios e que dinámica imprimen estes no proceso de socialización.

Hollander, Stappers e Jankowski din que na investigación da comunicación de masas anglosaxona, con "comunicación comunitaria" sinálase basicamente a estruturas comunicativas en comunidades locais ou en comunidades de interese, sen embargo cren necesaria unha nova aproximación que asocie a *Öffentlichkeit* (a esfera da comunicación pública) á investigación da comunicación comunitaria. Velaí que o concepto ampliáse logo ás formas mediadas e non mediadas da comunicación dos membros da comunidade para entender a súa propia comunicación, o que tamén mudaría a perspectiva do "local" na comunicación de masas, tal como agora se entende.

Prácticas de comunicación comunitaria. Xornalimos.

Dicía Voyenne que a información está disponible para os usos que se lle queira dar. A comunicación, non. Non se comunica máis que o que se ten en común.

Neste sentido poderíamos falar do xornalismo comunitario como unha práctica comunicativa, máis que simplemente informativa. O ideario comunitarista sulña que este tipo de xornalismo debe ser un xornalismo participante, a semellanza do xornalismo cívico, pero, a diferenza diste, atende á creación simbólica de identidades nunha acción sostible dos valores, da memoria e dos intereses da comunidade. É aquí onde ten semellanza co xornalismo alternativo ou altermundista, ao desprazar a actitude clásica ( e presuntamente elitista) do xornalista-observador, e seguir os itinerarios propios da comunidade, que posue

regulamentos, comportamentos e exaltacións diferenciais de seu.

O xornalismo comunitario atende aos problemas da comunidade desde a deliberación en común, tentando resolver as necesidades que se presentan no devir social da comunidade. O xornalista, logo, recolle a deliberación ou alenta á deliberación de asuntos cruciais para a comunidade, entendendo que estes asuntos poden mellorar ou afectar ao desenvolvemento da propia comunidade. Dentro do xornalismo comunitario, pódese incluír o xornalismo local entendendo este coma un modelo sincrético que recolle tanto a tradición do xornalista observador e neutral até o altermundismo e o comunitarismo. Por tanto, o xornalista local recorre a repertorios intermedios (cultura comunitaria+institucións vs. cidadán+ causas universais) confrontando e contrastando a esfera institucional coas formas de vida do cidadáns, localizados estes en "territorios" comúns a eles.

Lembremos que o xornalismo local atende a esta relación "municipalista" en orixe. Na actualidade, o xornalismo local vense "editorializando" contaminado polos repertorios "globalizantes" na pequena escala, isto é, banalizando situacións e temas locais con fontes e personaxes clonados dos mass media.

Doutra banda, o xornalismo altermundista (como forma comunitarista) é un xornalismo de causas que acentúa a súa estratexia e os seus contidos na resolución programática dunha causa política, social, medioambiental, de xénero,... que se corresponde, a maior parte das veces, a determinadas asociacións e organizacións que entenden o desenvolvemento coma unha práctica transterritorial. Non entende de fronteiras, pero a súa actuación sobre problemas concretos permite identificalo como un xornalismo celular, que actúa en base a grupos localizados con problemas ou efectos globais localizados. O modelo de xornalista que procura é o dun activista que asume as prácticas e controis dunha asociación o un movemento, moi lonxe do espírito liberal tradicional do xornalismo ou do xornalismo cívico, por exemplo. O seu interese radica principalmente nos asuntos políticos e na muda das prácticas políticas a partires dunha ideoloxía determinada, atendendo a un cidadán proclive á adhesión á causa. É o xornalismo alternativo, na peor das súas formas, un xornalismo sen observación, regulamentado e onde a participación é, cáseque sempre, xerárquica. O acceso e exercicio está controlado polo aparato que defende, supostamente, a "causa".



## Referencias bibliográficas:

Appiah, K.A. (2007) *Cosmopolitismo*. Madrid: Katz editores.

Dirlik, A. (1996) "The Global in The Local" en Wilson, R. e W. Dissanayake (eds.) *Global/Local. Cultural production and the transnational imaginary*. Durham & London: Duke University Press.

Durkheim, E. (2008) *El suicidio*. Madrid: Akal.

Durkheim, E. (2007) *Las formas elementales de la vida religiosa*. Madrid: Akal

Jankowski, N. e O. Prehn (eds.) (2002) *Community media in the information age*. Cresskill, NJ: Hampton Press.

Martínez Hermida, M. (ed) (2003) *Televisiónes Locales en Europa: proximidad, programación y políticas de comunicación*. Santiago de Compostela: Unidixital.

McQuail, D. (1972) *Sociología de los medios masivos de comunicación*. Buenos Aires: Paidós.

Tönnies, F. (2009) *Comunidad y asociación*. Granada: Comares.

Algunhas páxinas web de redes e medios comunitarios:

-[www.comminit.com](http://www.comminit.com) (red de iniciativa de la comunicación páxina de proxectos e inciativas latinoamericanas que permite amplísima información)

-[www.amarc.org](http://www.amarc.org) (asociación mundial de radios comunitarias)  
-[www.communitymedia.se/cat](http://www.communitymedia.se/cat) (The Global Village CATtelevisións de acceso público e comunitarias do mundo)

-[www.ourmedia.org](http://www.ourmedia.org) (rede social comunitaria mundial)

-[www.medioscomunitarios.net](http://www.medioscomunitarios.net) (rede española de medios comunitarios) -[www.aler.org](http://www.aler.org) (asociación latinoamericana de educación radiofónica)

-[www.comunitariastv.org](http://www.comunitariastv.org) (red iberoamericana de canales y escuelas comunitarias) -[www.ondalivre.com](http://www.ondalivre.com) (portal de radios portuguesas) -<http://ostv.pt> (televisión en Porto-iniciativa xuvenil de tv apoiada pola universidade-ver en facebook-)

-[vdpq.org](http://vdpq.org) (Les vidéos de pays et de quartier-Fédération nationale

- Francia) -[www.inforegions.be](http://www.inforegions.be) (federación das televisións locais francófonas belgas)
- [www.commedia.org.uk](http://www.commedia.org.uk) (asociación medios comunitarios reino unido)
- [www.localtvonline.com](http://www.localtvonline.com) (instituto da Televisión Local-Edinburgo)
- [www.northernvisions.org](http://www.northernvisions.org) (media centro de Irlanda do Norte)
- [www.dctv.ie](http://www.dctv.ie) (canle comunitaria de Dublín)
- [www.olon.nl](http://www.olon.nl) (radios e televisións locais dos países baixos)
- [www.bok.de/okliste.htm](http://www.bok.de/okliste.htm) (listado-web canles abertas Alemaña)
- <http://www.alex-berlin.de> (canle aberta de Berlín)
- [www.offener-kanal.at](http://www.offener-kanal.at) (canles abertas austríacas)
- [www.aeranticorallo.it](http://www.aeranticorallo.it) (empresa radio-tv local italiana)
- [www.festival.sk](http://www.festival.sk) (festival de televisións locais de Kosice-Eslovaquia, unha porta a exploración de tv locais no leste)
- <http://www.papertiger.org> (tv alternativa de Nova Iorque)
- [www.tigertv.tv](http://www.tigertv.tv) (tv de estudantes da Louisiana State)
- <http://socialismocomunicacionalpopular.blogspot.com/2007/12/red-venezolana-de-medios-comunitarios.html> (blogue bolivariano de medios comunitarios-Venezuela)
- [www.radiopio12.org](http://www.radiopio12.org) (radios mineras bolivianas)
- [www.arbol.org.uy](http://www.arbol.org.uy) (proxecto arbol en Uruguai-tv participativa)
- [www.radioagencianp.com.br](http://www.radioagencianp.com.br) (axencia de radio social brasileira)
- [www.abraconacional.hpg.ig.com.br](http://www.abraconacional.hpg.ig.com.br) (asociación brasileira de radios comunitarias)
- [www.tvlata.org](http://www.tvlata.org) (proxecto tv educativa favelas Bahía) -[www.urcm.net](http://www.urcm.net) (unión de radios libres y comunitarias de Madrid)
- <http://www.emartv.com> (emisoras municipais de radio e tv de Andalucía)
- <http://www.pluralia.tv> (tv alternativa Valencia)
- [www.ondacolor.org](http://www.ondacolor.org) (radio malacitana independente)

- <http://www.radiopolis.org/> (radio sevillana alternativa)
- [www.vallecas.org/](http://www.vallecas.org/) (tele k-tv local de vallecas)
- [www.radioritmo.org/](http://www.radioritmo.org/) (radio alternativa getafe)
- <http://radiooasis.es/> (radio alternativa salamanca)
- [www.neokinok.tv/](http://www.neokinok.tv/) (tv experimental barcelona)
- <http://okupemlesones.org> (Assemblea per a la Comunicació Social-colectivo catalán de medios e asociaciones alternativas)
- <http://www.corme.net/regarlic/web/Inicio.html> (rede galega de radios libres e comunitarias)
- <http://www.tvlocal.com/cgalicia.htm> (directorio tv locais galegas-posiblemente desactualizado)